

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE MAIO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ (incorpórase á sesión antes de tratar o punto 3/353 da orde do día), DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA (incorpórase á sesión no debate do punto 8/358 da orde do día), DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, que o fai dende o comezo da sesión ata o debate do punto número 8/358 da orde do día e don Lino José González-Doposo García que o fai dende a súa incorporación (debate do asunto número 8/358) ata a finalización da sesión, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 13 de maio de 2009.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza para construción de edificio na rúa Pontevedra esquina rúa do Freixo, números 32-34.

2. XESTIÓN.- Acórdase a resolución dos recursos de reposición presentados no expediente relativo o “Proxecto de liña soterrada de alta tensión (20 KV), para substitución de dobre circuito aéreo (20 KV). Tramo que descorre pola área residencial Louzaneta. Lugo”.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a relación de servizos extraordinarios pola técnica de xestión, adscrita a Servizos Sociais e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección do depósito de almacenamento de auga de consumo humano e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a ampliación do prazo de execución das obras de construción dun campo de béisbol no Polígono industrial do Ceao.

Tamén se acorda o inicio e posta en marcha de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as.

Acórdase a adopción de medida cautelar no expediente de contratación da execución das actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias nas escolas deportivas municipais. recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local número 15/192.

Así mesmo, acórdase a aprobación da addenda número 1 ao Convenio de colaboración asinado con data 10 de xaneiro de 2008 entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e o Concello de Lugo para a realización duns ramais de acceso ao Hospital de Lugo.

5. INTERVENCIÓN.- Dáse de conta da modificación número 3 do Orzamento Xeral de 2009, mediante transferencia de crédito por importe de 11.380,44 euros.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Apróbase a Proposta da Alcaldía relativa á modificación da base 18, letra j), punto 2. A) das de execución do Presuposto xeral municipal, correspondente ó exercicio 2009.

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref^o: 09extractoxg21.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-5-2009

- Apróbbase o proxecto de modificación da base de execución número 24, do Presuposto xeral correspondente ó exercicio 2009.
- Apróbbase o proxecto de modificación da base de execución número 24 do Presuposto xeral correspondente ó exercicio 2009 (subvencións).
- Acórdase a aprobación das bases que rexerán o concurso, así como o gasto e o procedemento de adxudicación do concurso de proxectos para a redacción do proxecto, dirección da obra e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de rehabilitación do antigo cárcere do partido xudicial de Lugo (proxecto 09UR2201 URBAN Centro Social e cultural antigo cárcere).

Lugo, 21 de maio de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García